

Adaptación DA PROGRAMACIÓN Didáctica. CURSO 2019/2020

cENTRO:
CURSO: 5º
MATERIA: LINGUA GALEGA E LITERATURA
DEPARTAMENTO:
DATA:

Instrucións do 27 de abril de 2020, da Dirección Xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa para o desenvolvemento do terceiro trimestre do curso académico 2019/20, nos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galicia.

ÍNDICE

- 1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles.**
- 2. Avaliación e cualificación.**
- 3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, reforzo, repaso, e no seu caso ampliación)**
- 4. Información e publicidade.**

1. Estándares de aprendizaxe e competencias imprescindibles

Criterio de avaliación	Estándar de aprendizaxe
<ul style="list-style-type: none"> Comprender, buscar, localizar e seleccionar información explícita en textos escritos de soportes variado. 	<ul style="list-style-type: none"> Comprende a información relevante de textos. Identifica as ideas principais e secundarias dun texto (narrativo, descritivo e expositivo). Busca, localiza e selecciona información concreta dun texto sinxelo.
<ul style="list-style-type: none"> Esquematizar e resumir as ideas principais dun texto sinxelo. 	<ul style="list-style-type: none"> Esquematiza as ideas dun texto sinxelo, indicando as ideas principais e secundarias. Realiza o resumo dun texto sinxelo.
<ul style="list-style-type: none"> Utilizar certas estratexias para mellorar a lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> Deduce o posible contido dun texto sinxelo antes de lelo, axudándose do título e as ilustracións.
<ul style="list-style-type: none"> Realizar diferentes tipos de lectura. 	<ul style="list-style-type: none"> Realiza diferentes tipos de lectura en función de cada texto: de investigación, de aprendizaxe, de gozo persoal ou de resolución de problemas.
<ul style="list-style-type: none"> Amosar certa autonomía lectora e capacidade de selección de textos do seu interese 	<ul style="list-style-type: none"> Selecciona persoalmente as lecturas que desexa realizar e é quen de xustificalas en función dos seus gustos e necesidades.
<ul style="list-style-type: none"> Ampliar o vocabulario a partir do uso do dicionario e do traballo e reflexión sobre as palabras que conforman a lingua. 	<ul style="list-style-type: none"> Emprega o dicionario (en papel ou dixitaal) para resolver as dúbidas de vocabulario que atopa nos textos. Recoñece e usa sinónimos, antónimos, homónimos, palabras

	<p>polisémicas.</p> <ul style="list-style-type: none"> • Recoñece e crea palabras derivadas (prefixación e sufixación) e compostas, identificando e formando familias de palabras.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar terminoloxía lingüística e gramatical básica. 	<ul style="list-style-type: none"> • Diferencia as sílabas que conforman cada palabra, diferenciando a sílaba tónica das átonas. • Recoñece as oracións simples, comprende o seu significado, utiliza correctamente a concordancia de xénero e número e identifica o verbo e os seus complementos: o suxeito. • Recoñece as diferentes categorías gramaticais pola súa función na lingua: substantivo, artigo, pronome, adxectivo, adverbio, verbo e preposición. •
<ul style="list-style-type: none"> • Usar, de maneira xeral, unha linguaxe non discriminatoria e respectuosa coas diferenzas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Usa, de maneira xeral, unha linguaxe respectuosa coas diferenzas.
<ul style="list-style-type: none"> • Crear textos sinxelos de diferente tipoloxía que permitan narrar, describir, resumir, explicar e expoñer opinións, emocións... 	<ul style="list-style-type: none"> • Crea diferentes tipos de textos (narrativos, expositivos, descritivos ou argumentativos). • Elabora o texto cunha estrutura definida, con coherencia e cohesionado. • Aplica, de maneira xeral, a norma lingüística: ortografía, acentuación, léxico e morfosintaxe.
<ul style="list-style-type: none"> • Coidar a presentación dos traballos escritos en calquera soporte e valorar a lingua escrita como medio de comunicación. 	<ul style="list-style-type: none"> • Coida a presentación dos textos seguindo as normas básicas de presentación establecidas: marxes, disposición no papel, limpeza, calidade caligráfica...

<ul style="list-style-type: none"> • Identificar as características dos diferentes xéneros e as figuras literarias. 	<ul style="list-style-type: none"> • Identifica as características principais dos diferentes xéneros literarios: narrativa, poesía e teatro. • Distingue algúns recursos retóricos e métricos propios dos poemas. • Identifica os temas recorrentes na literatura.
<ul style="list-style-type: none"> • Coñecer e aplicar, de forma xeral, as normas ortográficas xerais e as de acentuación en particular. 	<ul style="list-style-type: none"> • Aplica xeralmente as normas de acentuación xerais e de acentuación diacrítica.
<ul style="list-style-type: none"> • Utilizar correctamente as regras de puntuación, así como unha sintaxe adecuada nas producións orais e escritas. 	<ul style="list-style-type: none"> • Emprega con corrección os signos de puntuación (punto, coma, punto e coma, dous puntos, puntos suspensivos, signos de exclamación e interrogación).
<ul style="list-style-type: none"> • Usar as TIC con certa autonomía para a busca de información, tratamento dos textos, realización de presentacións, envío de tarefas, realización de videoconferencias a través da plataforma Webex... 	<ul style="list-style-type: none"> • Busca información en diferentes fontes e soportes dixitais. • Envía tarefas de forma autónoma. • Emprega procesadores de texto con certa autonomía. • Realiza presentacións en LibreOffice Impress. • Usa a plataforma Webex para realizar videoconferencias.

Pode facerse tamén seguindo o modelo que se teña na programación didáctica respectiva

2. Avaliación e cualificación

Avaliación	<p>Procedementos:</p> <p>Análise das producións dos alumnos e alumnas (resolución de exercizos, retos, fichas, elaboración de presentacións, tarefas de investigación, experimentos...).</p> <p>Intercambios escritos co alumnado a través dos foros Edixgal.</p> <p>Para o alumnado con ACI seguirase o mesmo procedemento.</p>
	<p>Instrumentos:</p> <p>Tarefas individuais e grupais (rexistro e seguimento diario de realización e entrega no prazo establecido e participación nos traballos colaborativos).</p> <p>Rexistro de participación e implicación nos foros Edixgal.</p>
Cualificación final	<p>Indicar o procedemento para obter a cualificación final de curso:</p> <p>Avaliaranse as actividades e a participación do alumnado a través da plataforma Edixgal. Estas actividades sempre terán valor positivo para a cualificación do alumnado (subirase como máximo 1,5 puntos con respecto á media entre a 1ª e a 2ª avaliación).</p>
Proba extraordinaria de setembro	
Avaliación de materia pendentas	<p>Criterios de avaliación:</p> <p>Serán os establecidos para o 5º curso.</p>
	<p>Criterios de cualificación:</p> <p>Tarefas propostas 50%</p> <p>Participación e implicación a través dos foros 50%</p> <p>Avaliaranse as actividades e a participación do alumnado a través da plataforma Edixgal. Estas actividades sempre terán valor positivo para a cualificación do alumnado (subirase como máximo 1,5 puntos con respecto á media).</p>
	<p>Procedementos e instrumentos de avaliación:</p> <p>Procedementos:</p> <p>Análise das producións dos alumnos e alumnas.</p> <p>Intercambios escritos co alumnado a través dos foros Edixgal.</p> <p>Instrumentos:</p> <p>Tarefas individuais e grupais (rexistro de participación, realización e entrega</p>

	no prazo establecido). Registro de participación e implicación a través dos foros Edixgal.
3. Metodoloxía e actividades do 3º trimestre (recuperación, repaso, reforzo, e no seu caso, ampliación)	
Actividades	Actividades de reforzo e recuperación dos contidos desenvolvidos durante o 1º e 2º trimestre. Pequenas investigacións de ampliación dos contidos traballados.
Metodoloxía (alumnado con conectividade e sen conectividade):	As estratexias didácticas pretenden planificar e promover situacións nas que os alumnos/as organicen as súas experiencias, estruturen as súas ideas e expresen os seus pensamentos . Seleccionamos aqueles contidos que son máis relevantes para acadar as competencias. Unha das competencias nas que facemos máis fincapé é na de aprender a aprender, que os nosos alumnos/as se vaian facendo aprendices autónomos, independentes e autorregulados dacordo á súa idade .
Materiais e recursos	A través da plataforma Edixgal. Enlaces, recursos online (Wikipedia, vídeos, xogos...) e fichas de repaso. Videoconferencias a través da plataforma Webex.

4. Información e publicidade	
Información ao alumnado e ás familias	Indicar o procedemento que o profesorado empregará para informar ao alumnado. Co alumnado temos contacto continuo e diario a través da plataforma Edixgal e videoconferencias. Coas familias a través da web do centro , comunicación telefónica e APP AbalarMóbil.
Publicidade	Publicación obrigatoria na páxina web do centro.